

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA XUNTA DIRECTIVA DO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

A Xunta Directiva do GALP mencionado, en xuntanza celebrada o día 5 de maio de 2025, vista a proposta de resolución provisional do Equipo Técnico do GALP, e de conformidade cos criterios establecidos na súa EDLP, **ACORDA**

1. Aprobar a PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

- a) De concesión de axudas que figura no **Anexo I** (770-780-760) , por orde descendente de puntuación dos proxectos. Xúntase a valoración individualizada das condicións de selección de cada proxecto.
- b) De desestimación/inadmisión de axudas que figura no **Anexo II**, cos motivos detallados.
- c) De ser o caso, motivos que fan apartarse da proposta de resolución provisional do equipo técnico ou aplicación do artigo da orde de bases que permite a minoración, limitar a contía de gastos ou establecer contías de subvención para todas as solicitudes no caso de proxectos de accións idénticas.

Aplicación da Orde de Axudas de Minoración ou Limitación dos Gastos:

PE155A-2025-00229- Construcción e equipamento de novas instalacións para catering- Minoración da contía proposta polo solicitante na partida I21 por importe de 9.127,20.-€, segundo o Art.9.7. da Orde de axudas.

PE155A-2025-00152- Balea House- Minoración da contía de gastos propostos polo solicitante: I42 por importe de 2.478,51 € - non subvencionable segundo o Art.9.2.c) por non ser un investimento necesario para a execución das actuacións obxecto da subvención.

PE155A-2025-00226- Brétema Gastrobar- Minoración da contía de gastos propostos polo solicitante na partida G21 por importe de 1.300,00.-€, non subvencionable segundo o artigo Art. 9.2.c) da Orde de axudas.

PE155A-2025-00066- Elaboración e comercialización de novas presentacións de produtos do mar conxelados- Minoración da contía de gastos propostos polo solicitante na partida G62 por importe de 1.900,00.-€, non subvencionable segundo o artigo Art. 9.2.c) da Orde de axudas.

PE155A-2025-00232- Artellando mariñeiros- Minoración da contía de gastos propostos polo solicitante nas partidas G43 por importe de 126,00.-€ e partida I44 por importe de 315,20.-€ segundo o artigo Art. 9.2.d) da Orde de axudas.

PE155A-2025-00133- Unha viaxe ás paisaxes submarinas do Xeoparque Mundial UNESCO Cabo Ortegal- Minoración da contía de gastos propostos polo solicitante na partida G42 por importe de 2.162,22.-€ por limitación segundo o artigo 9.5 da Orde de axudas.

2. Publicar a presente proposta de resolución provisional no taboleiro de anuncios do GALP así como na páxina web <https://galp.xunta.gal/>, coa advertencia de que esta **non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.**
3. Outorgar un prazo de alegacións contra esta proposta de resolución, de 10 días hábiles contados dende a data da súa publicación. No caso de non haber alegacións no prazo indicado, esta proposta pasará a ser definitiva segundo o establecido no artigo 20.2 da Orde de Axudas, **non creando a proposta definitiva ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.**
4. Para unha correcta xestión dos fondos neste ámbito territorial, e poder chegar a cumprir ao máximo o obxectivo financeiro do programa, tendo en conta o Convenio asinado coa Consellería do Mar que ten por obxecto “establecer as condicións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento da estratexia”, a Xunta Directiva acorda que se aproben todos os proxectos polas contías establecidas nos anexos, tendo en conta o límite orzamentario da Consellería do Mar e na propia Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do Golfo Ártabro Norte; así mesmo, no caso de non existir crédito orzamentario para atender todas as solicitudes aprobadas desta convocatoria 2025, a Xunta Directiva acorda que sexan incorporadas a unha lista de reserva, tendo en conta o artigo 21.4 da Orde de axudas do 12 de febrero de 2025 *“Establecerase unha listaxe de reserva con aqueles proxectos incluídos na proposta de resolución definitiva dos GALP que non poidan recibir axuda por falta de crédito, que será empregada para os casos nos que non se esgote o crédito dispoñible ou se incremente este posteriormente en virtude de renuncias, de modificación de resolucións de concesión ou de dotacións orzamentarias adicionais”*.

En Viveiro, a 6 de maio de 2025

Visto e prace

O Secretario do GALP A Mariña-Ortegal

O Presidente do GALP A Mariña-Ortegal

D. Jesús Fernández Fernández

D. Javier Martínez Otero